

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES DO GOBIERNO DE ESPAÑA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO) PARA ESTABLECER O PLAN DE ACTUACIÓN PLURIANUAL 2023-2026 NO QUE SE DESCRIBAN OS OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO CENTRO DE REFERENCIA NACIONAL DE PESCA E NAVEGACIÓN E DO CENTRO DE REFERENCIA NACIONAL DE ACUICULTURA E BUCEO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou co Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes do Goberno de España, a través da Secretaría General de Formación Profesional, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 26 de setembro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto :

Establecer o Plan de Actuación Plurianual 2023-2026 no se describan os obxectivos prioritarios do Centro de Referencia Nacional de Pesca y Navegación e do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura y Buceo, en adelante CRN, a partir das propostas dos seus correspondentes Consellos sociais na súas xuntanzas do 13 de febreiro de 2023 e do 13 de marzo de 2023, respectivamente.

De conformidade, e dacordo coa normativa aplicable, anualmente aprobarase un Plan de traballo anual no que se concretarán as actuacións a realizar e a achega económica da Administración General del Estado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte :

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvimento@xunta.gal





- O Decreto 50/2021, do 12 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, dispón que, segundo o artigo 12 e seguintes, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exerce o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer, así como a investigación mariña.

- O artigo 2 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, indica que un dos seus fins é o de fomentar a formación e a capacitación profesional do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Neste mesmo sentido o artigo 117 di que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para o fomento da formación capacitación e reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores así como a de aquelas persoas que podan demandar dicha prestación formativa, e en particular: c) A promoción de todo tipo de actividades formativas mediante a colaboración, cooperación e coordinación entre organismos e entidades competentes na materia de pesca, educación e seguridade no traballo.

- No desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002 do 19 de xuño, de Cualificacións e da Formación profesional, derogada pola Lei orgánica 3/2022 do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación profesional, se publicou o Real Decreto 229/2008 de 15 de febreiro polo que se regulan os Centros de Referencia Nacional no ámbito da Formación Profesional. Segundo o artigo 2 do Real decreto " *Serán considerados Centros de Referencia Nacional aqueles centros públicos que, reunindo las condiciones establecidas en el presente Real Decreto, realicen acciones de innovación y experimentación en materia de formación profesional especializados en los diferentes sectores productivos....*", recolléndose no artigo 3 os fins dos citados centros entre os que destaca : " b) *Aplicar y experimentar proyectos en materia de Formación Profesional en lo referido a la impartición de acciones formativas, información y orientación preofesional, evaluación y acreditación de competencias preofesionales y otras con valor para el Sistema Nacional de Cualificaciones y Formación Profesional*" e regulándose dun xeito moi amplo as súas funcións no artigo 4.

- Mediante o Real decreto 869/2015, do 2 de outubro, se creou como Centro de Referencia Nacional o Instituto Politécnico Marítimo Pesquero del Atlántico, na área profesional Pesca e Navegación da familia profesional Marítimo Pesqueira, no ámbito da formación profesional, e que mediante o Real decreto 525/2019, do 13 de setembro, cualificouse como Centro de Referencia Nacional ao Instituto Galego de Formación en Acuicultura nas áreas profesionais de Acuicultura e de Buceo, da mesma familia que o anterior, no ámbito da Formación Profesional.



- No Real decreto 229/2008, do 15 de febreiro, se establece que o Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará un Plan de Actuación Plurianual de carácter estatal para o desenvolvemento de todas as funcións dos Centros de Referencia Nacionais, en colaboración coas comunidades autónomas e as organizacións empresariais e sindicais mais representativas.

- Finalmente, na LXXX Comisión Permanente do Consello Xeral de Formación Profesional no xuntanza celebrada o pasado 18 de novembro de 2022, foi aprobado o Plan de Actuación Plurianual 2023-2026 de carácter estatal, relativo os Centros de Referencia Nacional no ámbito da Formación Profesional. Cumprindo cos requisitos establecidos na normativa de aplicación, cadanseu consello social dos Centros de Referencia Nacional de Pesca e Navegación e de Acuicultura e de Buceo, celebraron xuntanzas os días 13 de febreiro e 13 de marzo de 2023, respectivamente, nas que se fixo proposta do Plan de Actuación Plurianual 2023-2026 para estes centros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
asinado dixitalmente

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

